

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL

UNIDADE: **O NENO E O SEU CORPO**

TEMPORALIZACIÓN: **2- 2º semana outubro**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Pelotas, pivotes, vallas, pano, polideportiva ou ximnasio.

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Grupo-clase, parellas, equipos.

CICLO: **Segundo**

NIVEL: 3º-4º

OBXECTIVOS:

1. Tomar conciencia da mobilidade da columna e da independencia dos segmentos corporais.
2. Respecta-lo corpo mediante hábitos hixiánicos

TÉCNICAS ENSINO: Descubrimento guiado e busca.:

ANIMACIÓN:

- **A CADEA** por parellas. Unha parella queda e o resto escapa. Cada vez que collen a un neno este pasa a formar parte da cadea. Cando hai catro na cadea esta pódese dividir en dúas.

PARTE PRINCIPAL:

- **‘ O ESPELLO ‘:** Grupos de catro, un móvese libremente, os demais imítano. Ó sinal, cambio de rol.
- **Desfilar imitando:** Soldados, ras, o tren, formigas.
- **PELOTA FANTÁSTICA:** grupos de oito, colocados en fila pásanse a pelota por: enriba da cabeza, polo lado dereito, esquerdo, entre as pernas.
- **Coa mesma distribución pero coas pernas abertas,** un intenta pasa-lo balón por entre as pernas sen que toque nos compañeiros. O que lanza vai o final da fila e o que estaba de primeiro vai a lanzar.
- **CIRCUÍTO DE AXILIDADE:** Dúas vallas separadas 9 metros, con 6 pivotes entre elas. O neno debe saír por debaixo das vallas e facer o circuío en sláom dando a volta o chegar ó final.

VOLTA Á CALMA:

- **‘ VEN OU VAITE ‘:** O grupo clase sentado en círculo. Un deles correndo arredor do círculo toca a un compañeiro e dille ‘ VEN ‘ ou ‘ VAITE ‘. Segundo lle diga unha das dúas cousas, corre no mesmo ou distinto sentido.
- **O PANO CIRCULAR**